

## lunes 20 de junio de 2011

### **24 candidatos en Ribeira Sacra para as Distincións Gallaecia**

Dos setenta e tres viños seleccionados para a cata de Gallaecia na Ribeira Sacra pasaron á cata final un total de vinte e catro, sete deles brancos. Estes foron os caldos que superaron a nota mínima de oitenta puntos. Na categoría de brancos os viños seleccionados foron: Abadía da Cova 2010 de Adegas Moure; Algueira 2010 de adega Algueira; Almalarga 2010 de adega Pena das Donas; Algueira 2009 de adega Algueira; Finca A Cuarta 2009 de adegas Santa María de Nogueira; Sollío 2010 da adega de Victorino Álvarez Rodríguez e Viña Vella 2010 da adega SAT Virxe dos Remedios.

Na categoría de tintos os viños seleccionados foron: Abadía da Cova 2010 de Adegas Moure; Adartia 2010 da adega de Roberto Regal López; Alcouce 2009 da adega Chao do Couso; Algueira 2008 de adega Algueira; RS barrica 2009 de adega Algueira; Cruceiro Rexio 2009 da adega de Ramón Marcos Fernández; Don Bernardino 2010 da adega Don Bernardino; Don Ramón 2008 da adega Don Ramón; Finca A Cuarta 2010 de adegas Santa María de Nogueira; Portelo 2010 da adega Terras de Línchora; Regina Expresión 2008 da adega Regina Viarum; Saíñas 2009 da adega de Javier González Fernández; Saíñas 2010 da adega de Javier González Fernández; Sollío 2010 da adega de Victorino Álvarez Rodríguez; Viña do Seixas 2010 da adega Terras de Línchora; Vía Imperial 2010 da adega Regina Viarum e VR 2009 de Adegas e Viñedos Vía Romana.

Todos os viños seleccionados pasarán agora a unha cata final para escoller os "Distinguidos Gallaecia", cata que se celebrará a finais de agosto en Monforte de Lemos.